



<i>Dependencia</i>	XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos	
126.- ARASA		<i>Sello o Certificación Mecánica</i>
<i>Documento</i>	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i>
XOB12I27L	XOB/294/2018	16-05-18 13:12

EXPEDIENTE:

PRESTACIÓN DO SERVIZO PARA A "EXECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIONES DE ROZA, LIMPEZA E MANTENIMENTO DE MARXES E DRENAXES DE VIARIOS, CARREIRAS FLUVIAIS E PARCELAS MUNICIPAIS DO TÉRMINO MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA-CAMPAÑA COMPLEMENTARIA 2018" (XOB/294/2018)

ASUNTO:

MEMORIA ECONÓMICA

TIPO DE CONTRATO:

SERVIZOS

PROCEDIMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN:

SIMPLIFICADO

1. Memoria económica

A descripción dos traballos e as condicións técnicas que rexiran o contrato para a prestación do servizo das operacións de desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios (rúas, carreiras, pistas, sendas peonís ou ciclistas acondicionadas para tal fin, etc.), sendas fluviais e parcelas (dotacionais, zonas verdes non acondicionadas, edificables, etc.) de titularidade municipal de todo o termo municipal de Santiago de Compostela quedan definidas a través do Prego de Prescripcións Técnicas Particulares que se adxunta.

O Prego consta de cinco (5) partes con idéntico carácter contractual. A primeira parte na que se establecen as condicións máis xerais do contrato e tres (3) anexos denominados:

- Anexo nº 1: Especificacións relativas á definición, execución, medición e abono das operacións e unidades de obra.
- Anexo nº 2: Instruccións para programación, seguimento e información.
- Anexo nº 3: Especificacións particulares e orzamentarias do contrato.

E a segunda parte (documento nº II) na que inclúese a base de prezos supletoria das unidades de obra do contrato e dos elementos que as componen. No caso de contradicción entre estes documentos, ten preferencia as disposicións xerais do Prego sobre os seus anexos e o Anexo nº 1 sobre os Anexos nº 2 e nº 3.

Os prezos recollidos neste Documento nº II son prezos completos. Inclúen, nos térmenos establecidos no artigo 130 do RGLCAP (Cálculo dos prezos das distintas unidades de obra), tanto os costos directos como os costos indirectos de forma prorrataeada, comprendendo todos os traballos directa ou indirectamente necesarios para a execución das actuacións que se definen no contrato. As mesmo, estes prezos inclúen, conforme o artigo 153 do RGLCAP (Prezos e gastos), tódolos traballos, medios auxiliares e materiais que sexan necesarios para a correcta execución e acabado de calquera unidade de obra, aínda que non figuren todos ellos especificados na descomposición ou descripción dos prezos.

O procedemento de licitación que se propón consiste na aplicación dunha porcentaxe de baixa a aplicar de forma xeral a todos os prezos unitarios dos cadros de prezos do PPTP do Documento nº II. O orzamento de licitación dispoñible para o contrato poderá consumirse na súa totalidade mediante a realización das tarefas definidas no PPTP, é dicir, a baixa de adxudicación queda a disposición do contrato para realizar unha maior cantidade de operacións de desbroce, limpeza e mantemento de marxes e drenaxes de viarios, sendas fluviais e parcelas de titularidade municipal Compostela ata esgotar o orzamento do contrato.

O valor estimado do contrato é de 100.000 € (IVA non incluído). O resultado final do procedemento de licitación será unha porcentaxe de baixa a aplicar de forma xeral a todos os prezos unitarios do Cadro de prezos do Prego de Prescripcións Técnicas Particulares. O orzamento de licitación dispoñible para o contrato poderá consumirse na súa totalidade mediante a realización das tarefas definidas, é dicir, a baixa de adxudicación queda a disposición do contrato para realizar una maior cantidade de medicións segundo o obxecto do contrato.

Santiago de Compostela, 16 de maio de 2018

O xefe do Servizo de Programación e Proxección e Proxectos e Obras

Antonio Ranedo Santillana

Concelleiro Delgado de de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial

Rafael Peña Vidal



11